

# III XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO

18-19 de outubro

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi - Santiago de Compostela



queres  
saber  
como  
o  
vemos  
nós ?

nós  
queremos  
saber  
como  
o  
ves  
ti



AGARDÁMOSVOS O XOVES 18 E VENRES 19 DE OUTUBRO  
NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
(Pazo de Raxoi 2º Andar – Santiago de Compostela)  
EN HORARIO DE 16.30 A 20.30h.

*Aforo Limitado Confirma a túa asistencia, de 10 a 13 h. no teléfono da AAAG: 981 593 829*

Organiza:



Rúa do Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º  
15705 Santiago de Compostela  
www.aaag.es info@aaag.es  
tlf. 981 593 829

Patrocina:



Colaboran:



# III XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO

## A FIGURA DO PRODUTOR

Para un actor/actriz, o traballo no *campo audiovisual* está directamente relacionado coa figura do produtor/a.

De feito, son as produtoras as que deciden *apostar por un proxecto* e levalo adiante.

A partir dese momento comeza un *longo proceso* no que se inclúe a elección do reparto actoral que traballará nesa nova produción.

Polo tanto, o traballo do actor e o traballo do produtor están estreitamente *relacionados*, pero, en realidade, parece que pouco saben uns dos outros.

Queríamos enfocar este tema polo lado do *acercamento e coñecemento* do proceso da produción dende a *realidade galega* e a súa relación co traballo dos actores e actrices.

O produtor como xerador de traballo.

Os *riscos* e os *beneficios* dunha produción *¿cómo sae un proxecto adiante?*

*¿Qué é un valor de produción? ¿É posible asentar un star-system galego?*

*¿Cal é o papel do produtor á hora de facer un reparto?*

*¿Cales son as posibilidades reais de traballo dos actores e actrices galegos nunha*

produción nacional/internacional con participación de capital galego?

*¿Creerán as coproducións como fórmula máis sostible?*

*¿Cómo ve un produtor o traballo dos actores e actrices? Relación cos distintos formatos (series, tv, movies,...)*

**XOVES 18 (16.30H -20.30H)**

Presentación das III Xornadas do Audiovisual. Vicente Montoto (Presidente da AAAG)

## A FIGURA DO PRODUTOR

### RELADORES

Alfonso Blanco (Voz Audiovisual)

Carmen de Miguel (Continental Producciones)

Antón Reixa (Filmanova)

### MODERADOR

Antonio Durán "Morris" (Actor- Vocalía de Audiovisual da AAAG)

*Haberá un descanso de media hora para café.*



**ESTAS REFLEXIÓNS SON SÓ UN PUNTO DE PARTIDA:  
SE TES A TÚA PROPIA EXPERIENCIA OU OPINIÓN  
¡VEN, E PARTICIPA!**

## A CURTAMETRAXE

A curtametraxe é un *formato con identidade propia* que cada vez ten máis repercusión en festivais, medios de comunicación, e dentro da propia profesión, creando así un *circuito de mercado propio* no que se inclúen en moitas ocasións, premios, beneficios monetarios e prestixio.

As novas tecnoloxías creadas para a captación de imaxes (vídeo dixital) tamén permiten abaratar custos e tempo e "democratizar" o feito de poder facer unha curta.

Dentro do universo das curtametraxes existe unha *ampla gama* e un sinfín de tipos case tan diversa coma curtas se fan. Por exemplo:

- A curta como o *exercicio de escola* de un director/a novel que se fai con máis talento e ilusión que con medios.
- A curta que ten unha *subvención* (pequena ou grande) máis organizada e rodada profesional ou semi e que logo pode contar con algo moi importante, a *distribución*...
- A curta moi coidada, con multitude de medios e feita con vistas a presentala a festivais..

- A curta que sae adiante con cartos do director..

En todos os casos, unhas e outras teñen que contar sempre coa *participación de actores e actrices*.

*¿Cal é a importancia do traballo do actor/actriz nunha curta?*

O *grao de implicación* no proxecto, o aporte de imaxinación, creación da personaxe, entrega, largas xornadas...

*¿Qué pode significar para un actor/actriz traballar nunha curta?*

A posibilidade de atopar cousas positivas:

Un bo papel que compensa o traballo non remunerado, coñecer a novos profesionais do medio, posibilidade de que o teu traballo se vexa en *tv, festivais*, gañar experiencia no caso dos máis novos, diferentes rexistros dramáticos, material para compoñer o video-book....

## QUERES SABER COMO O VEMOS NÓS? NÓS QUEREMOS SABER COMO O VES TI

Pero tamén pode ser un cúmulo de cousas negativas por *falta de planificación*, de cartos, baixa calidade das imaxes, exposición do traballo do actor/actriz sen ningún criterio....

Por iso sería interesante falar da relación *director-actor-tempo-guión-orzamento*.

A posibilidade de tentar acadar uns *mínimos cubertos* recollidos nun contrato profesional e que acepten todas as partes.

Gustaríanos coñecer a opinión sobre a *política de subvención* de curtas por parte da Xunta.

*¿Cómo se ve a experiencia? ¿É mellor cantidade ou calidade?*

E por último, o tema da *distribución*:

A curta debe aspirar a ser vista polo maior número de espectadores posible: Importancia dos *programas dedicados a curtas, festivais, circuitos*...

*¿Cal é o futuro da curtametraxe?*



**VENRES 19 (16.30H -20.30H)**

## A CURTAMETRAXE

### RELADORES

Alfonso Pato (Director do Programa Onda Curta e Director do Festival de Cans)

Mario Iglesias (Director e Guionista)

Mamen Quintas (Directora do Festival Curtocircuito)

Jairo Iglesias (Director, Guionista e Curtametraxista)

### MODERADORA

Camila Bossa (Actriz-Vocalía de Audiovisual da AAAG)

*Haberá un descanso de media hora para café.*